



Manifiesto de OCRE, Observatori Crític de la Realitat Educativa

O sistema educativo dun país ten unha importancia capital na formación da cidadanía e o desenvolvemento da sociedade. Sobre isto, a situación española é preocupante. Os elevados índices de abandono escolar e as altas taxas de repetición de curso na etapa obrigatoria, xunto co fracaso, tamén elevado, que se produce nas etapas pos obrigatorias, requiren dunha **reflexión tranquila e polo miúdo de tódolos actores implicados**, e mesmo a mobilización de toda a sociedade.

Dende a entrada en vigor da Constitución de 1978, aconteceron unha tras outra numerosas reformas, algunhas moi profundas, outras simples retoques, que, se ben estenderon a obrigatoriedade do ensino ata os 16 anos, seguen sen resolver os graves problemas de fondo que sofre o noso sistema. Os erros de deseño, a falta de financiación, o funcionamento dunha dobre rede (pública/concertada) que segrega ao alumnado, concentrando ao máis desfavorecido nos centros de titularidade pública, xunto coa inestabilidade das leis educativas, provocaron un panorama educativo afastado dos ideais de equidade e calidade.

A última das reformas, a LOMLOE, e o seu desenvolvemento normativo van contribuír na resolución dos principais problemas do noso sistema educativo, pois **afonda nas carencias das anteriores leis (ratios elevadas, recursos insuficientes, complexo deseño, pobres orzamentos...)** e apenas vai servir para maquillar os resultados.

Por todos estes motivos, dende o *OBSERVATORIO CRÍTICO DA REALIDADE EDUCATIVA* queremos levar á opinión pública a nosa inquedanza e unir a nosa voz ás dos numerosos centros de Primaria e Secundaria de tódalas Comunidades Autónomas que manifestaron o seu malestar, desconcerto e desasosego ante as características da nova lei e o modo no que se está a aplicar: de xeito precipitado, irreflexivo, **sen contar coa participación dos profesionais que se atopan nas aulas** e, o que aínda é máis grave, sen ter feita previamente unha **avaliación rigorosa que diagnostique as necesidades do sistema que se pretende mellorar**.

Estas son as advertencias que facemos dende a asociación OCRE sobre a aplicación da LOMLOE e a súa diferente concreción nas Comunidades Autónomas:

1. Establécese un **deseño curricular artificialoso e confuso**, centrado na adquisición dunhas competencias etéreas, en detrimento da aprendizaxe dos coñecementos que as fan posibles. A pretendida flexibilidade dos contidos incrementa as diferencias entre centros, co **consequente prexuízo para o alumnado das clases sociais máis desfavorecidas**, que dificilmente poderán adquirir fóra do sistema educativo os coñecementos que este lles nega.
2. Obstaculízase o **dereito dos estudantes a unha avaliación obxectiva** e o das súas familias a recibir unha información clara e comprensible do seu progreso, xa que se establecen uns **criterios de avaliación intelixibles e**

nada operativos, e uns sistemas de cualificación ineficaces que, por enriba, varían enormemente entre Comunidades Autónomas.

3. Sobrecárgase ao profesorado cun exceso de traballo burocrático que vai en detrimento da calidade no seu labor docente. Ao mesmo tempo, foméntase dende as instancias políticas un clima de **desconfianza cara o quefacer e a profesionalidade dos docentes**, clima amplificado permanente por certos medios de comunicación.
4. Esíxese á nosa escola pública que sexa inclusiva, namentres se manteñen as **elevadas ratios que imposibilitan dita inclusión**, e négase a dotación de profesionais nas áreas de saúde e asistencia social que axudarían a paliar, en parte, os problemas sociais que se deberían resolver dende outras instancias do poder político. E aínda máis: pídeselle á escola a misión imposible de solucionar as desigualdades sociais, mentres se mantén unha desigualdade estrutural á que as políticas son incapaces de por remedio.
5. Foméntase dende o Ministerio de Educación e as Consellerías autonómicas a utilización de metodoloxías de dubidosa eficacia, dedicando recursos na formación do profesorado nas mesmas, ó tempo que se facilita a privatización e a mercantilización de todo o sistema, pois favorécese a entrada de organizacións empresariais do sector tecnolóxico e da banca no mercado da educación, vía convenios de formación, plans de dixitalización, subministracións e mantemento.

Por todos estes motivos, dende OCRE reclamamos:

1. Unha escola pública na que a función central sexa a adquisición de coñecementos sólidos, que permita o acceso á cultura de toda a poboación, xa que este é o camiño que garante a formación dunha cidadanía competente, capaz de gobernar a súa propia vida e de tomar decisións con criterio, porque a escola é o único lugar onde o alumnado de humilde extracción social poderá atopalo.
2. Un **currículo claro, estruturado, coherente, realista e ben secuenciado**, para garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, en tódolos centros, independentemente da súa localización xeográfica, contexto social, económico e cultural, porque o coñecemento compartido é a base dunha democracia máis xusta.
3. Unha lei educativa guiada **pola investigación didáctica**; lonxe da influencia de modas e *neuromitos* sen apoio científico, que se aplique de xeito progresivo, avaliando e analizando sistematicamente os seus efectos na aprendizaxe, e que goce da estabilidade esencial para xerar a **confianza** que todo sistema educativo precisa para ter éxito nos seus obxectivos.
4. A recuperación do **respecto pola profesión docente**, que deberá materializarse na devolución das competencias educativas aos claustros, na dotación de medios humanos suficientes para atender á diversidade do alumnado e no fomento da especialización e formación didáctica dos docentes, baseada na evidencia científica nos seus respectivos campos de coñecemento.
5. Unha **inclusión efectiva**, apoiada na **dotación de recursos** económicos e humanos suficientes e non só mediante a formulación de boas intencións inaplicables nas condicións existentes nos centros. Esiximos que se garantan as condicións materiais que o fagan posible a través da memoria económica que debe acompañar á lei.

6. A devolución da soberanía educativa á cidadanía, poñendo freo ás **presións externas** de entes supranacionais de carácter político e económico, que non son democráticos e que son totalmente **alleos ao mundo educativo**.

E para rematar, a asociación **OCRE ofrece a súa colaboración** para buscar solucións baseadas no coñecemento profundo do que acontece nas aulas, a experiencia de anos de ensino, o coñecemento pedagóxico dos contidos, a aposta pola mellora da formación dos estudantes e o convencemento de que **a educación é o pilar que sustenta unha sociedade equitativa e xusta**.

Web: <https://asociacionocre.org/>

Formulario para asociarse: [Formulari Associació OCRE/Formulario Asociación OCRE \(google.com\)](#)